



**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**

**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

## **Modelo MD75PRO01**

# **Programación didáctica de violín**

## **Curso 2020-2021**

## Índice

---

<b>1. Introducción e finalidade dos ensinos elementais e profesionais de música.....</b>	<b>6</b>
<b>2. Metodoloxía .....</b>	<b>7</b>
<b>3. Atención á diversidade.....</b>	<b>10</b>
<b>4. Temas transversais .....</b>	<b>11</b>
1. Educación en valores.....	11
2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's).....	13
3. Educación para a saúde .....	15
<b>5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....</b>	<b>16</b>
<b>6. Grao elemental .....</b>	<b>17</b>
1. Obxectivos .....	17
2. Contidos.....	18
3. Criterios de avaliación .....	19
4. Procedementos de avaliación.....	19
5. Medidas de recuperación .....	21
6. Exames extraordinarios de setembro .....	21
7. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula .....	21
8. Exames para alumnos que perderon o dereito á avaliación continua .....	22
9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	23
<b>7. Primeiro curso .....</b>	<b>23</b>
1. Obxectivos .....	23
2. Contidos.....	24
3. Criterios de avaliación .....	25
4. Mínimos exixibles por trimestre .....	26
5. Recursos didácticos.....	26
<b>8. Segundo curso .....</b>	<b>28</b>
1. Obxectivos .....	28
2. Contidos.....	29
3. Criterios de avaliación .....	30
4. Mínimos exixibles por trimestre .....	30
5. Recursos didácticos.....	30
<b>9. Terceiro curso.....</b>	<b>33</b>



1.	Obxectivos .....	33
2.	Contidos.....	33
3.	Criterios de avaliación .....	34
4.	Mínimos exixibles por trimestre .....	35
5.	Recursos didácticos.....	35
<b>10.</b>	<b>Cuarto curso .....</b>	<b>37</b>
1.	Obxectivos .....	37
2.	Contidos.....	38
3.	Criterios de avaliación .....	38
4.	Mínimos exixibles por trimestre .....	39
5.	Recursos didácticos.....	39
<b>11.</b>	<b>Probas de acceso a todos os cursos de grao elemental agás 1º.....</b>	<b>42</b>
<b>12.</b>	<b>Grao profesional .....</b>	<b>46</b>
1.	Obxectivos .....	46
2.	Contidos.....	46
3.	Criterios de avaliación .....	47
4.	Procedementos de avaliación.....	48
5.	Medidas de recuperación .....	49
6.	Exames extraordinarios de setembro .....	50
7.	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula .....	50
8.	Exames para alumnos que perderon o dereito á avaliación continúa.....	50
9.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	51
<b>13.</b>	<b>Primeiro curso .....</b>	<b>51</b>
1.	Obxectivos .....	51
2.	Contidos.....	52
3.	Criterios de avaliación .....	52
4.	Mínimos exixibles por trimestre .....	52
5.	Recursos didácticos.....	52
<b>14.</b>	<b>Segundo curso .....</b>	<b>54</b>
1.	Obxectivos .....	54
2.	Contidos.....	54
3.	Criterios de avaliación .....	55
4.	Mínimos exixibles por trimestre .....	55
5.	Recursos didácticos.....	55



<b>15. Terceiro curso.....</b>	<b>57</b>
1. Obxectivos .....	57
2. Contidos.....	58
3. Criterios de avaliación .....	58
4. Mínimos exixibles por trimestre .....	58
5. Recursos didácticos.....	58
<b>16. Cuarto curso .....</b>	<b>60</b>
1. Obxectivos .....	60
2. Contidos.....	60
3. Criterios de avaliación .....	61
4. Mínimos exixibles por trimestre .....	61
5. Recursos didácticos.....	61
<b>17. Quinto curso .....</b>	<b>63</b>
1. Obxectivos .....	63
2. Contidos.....	63
3. Criterios de avaliación .....	63
4. Mínimos exixibles por trimestre .....	64
5. Recursos didácticos.....	64
<b>18. Sexto curso.....</b>	<b>66</b>
1. Obxectivos .....	66
2. Contidos.....	66
3. Criterios de avaliación .....	67
4. Mínimos exixibles por trimestre .....	67
5. Recursos didácticos.....	67
<b>19. Probas de acceso a grao profesional .....</b>	<b>69</b>
<b>20. Premio de fin de grao .....</b>	<b>77</b>
<b>21. Procedementos para a avaliación interna do departamento .....</b>	<b>78</b>
<b>22. Desenvolvemento e resultados da programación .....</b>	<b>79</b>
<b>23. Adenda á programación de violín 2020-2021. Adaptación a escenarios semipresenciais e non presenciais coma consecuencia da COVID-19. Particularidades do curso 2020-2021.....</b>	<b>80</b>
Introdución.....	80



Desenvolvemento da modalidade presencial.....	80
Aspectos específicos das ensinanzas nos conservatorios.....	82
Desenvolvemento da modalidade semipresencial e non presencial.....	82

# 1. Introducción e finalidade dos ensinos elementais e profesionais de música.

---

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que os ensinos artísticos teñen como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

## **Grao Elemental**

No artigo 48 preceptúa que os ensinos elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen.

Ditas características veñen ditadas no posterior decreto de 27 de setembro de 2007.

A finalidade do grao elemental dos ensinos de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

## **Grao Profesional**

A lei orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen os ensinos mínimos. Así mesmo, a citada lei orgánica no capítulo VIN do título I, fixa as características básicas dos ensinos profesionais de música, dentro dos ensinos artísticos.

A presente programación da concreción a devandito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros de traballo de aula dos docentes deste departamento no Conservatorio Profesional de Música da Coruña.

A finalidade do grao elemental é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O grao profesional ten como finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de

calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

Asemade, compre facer unha mención especial á situación excepcional que estamos a vivir froito da pandemia da COVID-19. O eido educativo, e por tanto o noso centro e a nosa experiencia diaria no exercizo da nosa labor pedagóxica, vense alterados no seu exercicio cotiá. A presente programación didáctica é permeable a dita realidade e fai unha concreción, onde foi necesario, tanto do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021, coma das Instrucción do 31 de Xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de Réxime Especial para o curso 2020-2021.

## 2. Metodoloxía

---

Como recurso fundamental para o desenvolvemento do ensino do violín, tense en conta o ensino individualizado da materia, atendendo mellor ás necesidades do alumnado. Non debe existir ningunha norma que tenda á inflexibilidade pedagóxica. Os principios educativos deben garantir o beneficio do alumno e o uso de todos os procedementos con este fin.

Os procedementos educativos baséanse na teoría construtivista da ensinanza-aprendizaxe, empregando todos os elementos para un estudio racional, baseado na construción de conceptos e a realización práctica dos mesmos, a aplicación dos coñecementos e a interiorización destes dun modo construtivista, a favor sempre do desenvolvemento da autonomía persoal, que poda garantir o éxito futuro do alumno.

As estratexias metodolóxicas son un conxunto de ferramentas coas que desenvolvemos as accións pedagóxicas e de coordinación do ensino-aprendizaxe na clase. Son as claves que dan lugar á metodoloxía propia e persoal, que non son definitivas e son flexibles; tendo en conta cada caso particular, as estratexias están en continua relación cos

propios pedagóxicos e forman parte dun proxecto educativo personalizado e baseado na propia experiencia.

Dentro das consideracións metodolóxicas para o traballo do instrumento musical na etapa de grao elemental, o máis apropiado é o tipo de aprendizaxe por descubrimento, producido por mecanismos de ensaio-erro, coa mediación do mestre na clase; estes procedementos deben ser fundamentais neste nivel, sobre todo para alumnos con problemas de autoconfianza ou medo ao fracaso. Por medio do erro, sempre consciente, o alumno pode progresivamente acercarse á resolución de problemas por si mesmo. Sen embargo non debemos esquecer que é unha estratexia de ensino que debe ir integrada ao tipo de aprendizaxe receptivo, polo cal o alumno recibe a información, organizada por parte do profesor.

Os pasos máis firmes no aprendizaxe van do coñecido ao descoñecido, e de dificultade gradual de menos a máis, dentro do nivel. E este proceso de planificado de ensinanza debe estar presidido pola necesidade de garantir a funcionalidade dos aprendizaxes, asegurando que se podan utilizar nas circunstancias reais en que o alumno os necesite.

Dentro das estratexias coas que imos construír ou desenvolver, dentro da experiencia na clase, as capacidades do alumno para a súa formación, está o desenvolvemento da memoria nos seus diferentes tipos: a memoria mental, a memoria muscular, a memoria visual e a memoria auditiva.

Memoria mental: axúdanos a lembrar, aprender, concentrarnos retendo información.

Memoria muscular: pola que construímos parte da técnica e o alumno aprende pasaxes das obras ou estudos. Este tipo de memoria obtense por medio da experiencia sensitiva e non só da conceptual. É moi importante que o alumno coñeza os procedementos mecánicos polos cales funciona a técnica de maneira consciente; e a repetición do movemento ou sensación correcta é importante para a fixación da mesma, evitando a repetición de movementos incorrectos.

Memoria visual: podemos utilizala de dúas formas diferentes: unha para memorizar a partitura, axudando a aprender de memoria para un traballo máis profundo de outros aspectos musicais (interpretación, sensacións, sensibilidade, etc.) O outro uso que se lle da á



memoria visual ten que ver coa fixación das referencias, cambios de posición ou desprazamentos da man esquerda, fixación das zonas do arco, o mecanismo técnico ben feito, unha actitude tocando ou unha imaxe estética.

Memoria auditiva: é, por suposto, unha das máis importantes para o desenvolvemento musical. O seu uso ten tamén varias vertentes estratéxicas: primeiro é unha ferramenta para o aprendizaxe do oído interno, que á súa vez é a base da afinación interna e referencia para a diferenciación interválica dos sons. A busca dun son de calidade e desenrolo dun oído polifónico, na que se divide a audición interna do propio son con respecto a outros sons, é unha educación da escoita atenta.

As técnicas de estudo. O profesor nas clases individuais contemplará as estratexias máis oportunas para conseguir no alumno mellores resultados e o entendemento dos problemas ou dificultades xurdidas. Algunhas destas técnicas de estudo van axudar á comprensión de cuestións técnicas e expresivas no aprendizaxe dunha pasaxe ou unha obra, e na aplicación destes coñecementos ás demais obras que o alumno te que afrontar no futuro. O uso destes recursos na clase te unha funcionalidade, que o alumno valore o por que do seu uso e para que.

Dentro destas técnicas de estudo pode empregarse, por exemplo, o **estudo a cámara lenta** para a concienciación dos actos técnicos e musicais e buscar a perfección no tempo lento para logo levalo progresivamente a máis rápido. Neste tipo de estudo os diferentes tipos de memoria xogan un gran papel.

O estudo con **parada calculada**, para as pasaxes de dificultade e de afinación complicada, aquí é moi importante a destreza das memorias muscular e auditiva.

O estudo por **descomposición de pasaxes**, é unha técnica de simplificación da escritura; por motivos de dificultade técnica, complexidade rítmica ou de escritura musical. Desmontase por fragmentos como un puzzle e cando se vence a dificultade de cada uns dos fragmentos únense na súa totalidade para velo no sentido máis amplo do texto. Aplícanse fórmulas rítmicas, así como diferentes velocidades progresivas (co uso do metrónomo), ata alcanzar a sincronización de movementos á velocidade esixida

A participación activa neste proceso, así como a colaboración nas audicións das clases colectivas, individuais e audicións técnicas do departamento axudan ao alumno á preparación e actuación en público.

Esta metodoloxía é susceptible de ser aplicada en escenarios semipresenciais e non presenciais xa que a inclusión das tecnoloxías da información e da comunicación (coñecidas pola famosa sigla TIC's), na vida moderna e concretamente nos procesos educativos, fan posible o desenvolvemento das capacidades dos alumnos en situacións excepcionais.

No caso de alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento nun escenario de ensino non presencial, e tal e como dí o Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021 no seu punto 12 dentro da sección de actuacións para o periodo de actividade lectiva non presencial: “ O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos”.

### 3. Atención á diversidade

---

O alumnado do conservatorio habitualmente está dentro dun nivel sociocultural e económico medio-alto, cunha gran capacidade de traballo, dado que han de compaxinar os estudos de música cos do ensino obrigatorio. As motivacións para estudar no conservatorio son distintas e poden variar conforme sucédense os cursos. Os motivos polos que se inician os estudos musicais poden ser: por iniciativa dos pais, por vocación, como actividade de entretemento, por inercia dun grupo de amigos, etc. Así que temos un alumnado diferente en canto a motivacións, aptitudes, e ritmos de traballo, polo que será de vital importancia a atención á diversidade para adaptarse ás necesidades do alumnado e realizar unha acción educativa eficaz.

A vía para o tratamento da diversidade é a adaptación curricular. Un conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado.

Dependendo das circunstancias que se presenten no aula, ou no centro coma consecuencia da COVID-19, o profesor poderá expor as seguintes estratexias:

1) Adaptación do material didáctico. Dentro da cal, compre mencionar a posibilidade de que dita adaptación teña por obxecto os medios a emplear en escenarios nos que o ensino teña que ser semipresencial ou non presencial. Asemade, compre sinalar que todos os listados de recursos didácticos que aparecen na presente programación son orientativos, non supoñendo unha lista pechada.

2) Variacións na metodoloxía, para adaptala ás necesidades de cada alumno.

3) Actividades de traballo diferenciadas. O profesor faría unha análise dos contidos da materia e prepara actividades con distinto nivel de dificultade, que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.

4) Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.

5) Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos, adaptándose individualmente ao alumno.

A adaptación de obxectivos e contidos terá que respectar, aínda así, os mínimos exixibles fixados na programación.

## 4. Temas transversais

---

### 1. Educación en valores

O desenvolvemento integral do alumno, que non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar aos alumnos para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade presenta.

Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula

de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como temas transversais.

A forma na que entendemos o tratamento destes temas transversais fica reflectida nos obxectivos seguintes:

### **Educación para a paz .**

Entrenarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.

### **Educación moral e cívica.**

Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.

O respecto pola autonomía dos demais.

### **Educación para a igualdade entre os sexos.**

Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.

Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.

### **Educación para a saúde.**

Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.

### **Educación para o consumidor.**

Crear unha conciencia de consumidor responsábel que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

Desde a música, moitos destes temas poden tratarse propoñendo actividades que se desenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación dos alumnos e fomentan actitudes de convivencia.

Ademais, na música pódense tratar contidos relacionados directamente coa saúde. O uso adecuado do corpo a hora de tocar o violín precisa dun coñecemento e coidado do mesmo, especialmente ante problemas habituais na adolescencia. Tratar temas que relacionados directamente coa paz (o coñecemento da música de outras culturas aumenta o respecto cara estas, comprendendo que o mundo non é só a música e culturas occidentais, nin as súas visións). Tratar temas relacionados con a educación para o consumidor, onde se pode analizar o mercado musical, os prezos dos cd's, o pirateo. Tratar o uso da música nas publicidades, nos grandes almacéns... e que efecto pode producir no consumidor, cara quen vai dirixido, etc.

## **2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)**

As TIC enténdense como aquelas ferramentas baseadas na tecnoloxía dixital que permiten almacenar, procesar, recuperar, transmitir e presentar información. Inclúen as aplicacións utilizadas polos ordenadores para facilitar e xestionar información (software, bases de datos, multimedia, etc.), así como as novas tecnoloxías arredor de Internet. Por outro lado, enténdese por material dixital o software, programas ou aplicacións utilizadas polos ordenadores para facilitar e xestionar información. A experiencia no curso 2019-2020 serve de exemplo tanto de utilización de ditos medios, coma da adaptación na labor pedagóxica utilizando as TIC's.

Podemos facer a seguinte clasificación das TIC de utilidade para o proceso de ensino na materia:

### **Medios Audiovisuais:**

- Equipo audiovisual da Biblioteca: Visionado e análise comentada cos alumnos de vídeos de audicións e actividades do centro, concertos, documentais de interese, etc., por medio da televisión da Biblioteca do centro e das carpetas para carga de arquivos, habilitadas na sala de profesores e en rede co equipo da Biblioteca.
- Servidor do centro: creación dun arquivo do departamento, de vídeos e fotografías, nas carpetas habilitadas para o profesorado na Sala de profesores e en rede co servidor do centro, para o seu posterior visionado nas clases, e como arquivo histórico do departamento e do Conservatorio.

### **Medios en internet:**

- Utilización de webs como Youtube, Vimeo, etc., para visualización de videos e concertos de obras incluídas na programación.
- Utilización de webs de partituras gratuítas e libres de dereitos como Imslp.org.
- Utilización de programas de audio como Goear.

### **Programas informáticos:**

- De edición de partituras, como Finale, Sibelius, Encore, etc.
- De audio, como Spotify.

### **Medios para a comunicación:**

- A web do centro para comunicación á comunidade escolar e ao alumnado da materia das actividades programadas, audicións, eventos, etc.
- A Aula Virtual para traslado de arquivos, traballos do alumnado, e comunicación de actividades.
- Programas de mensaxería tipo Whatsapp ou e-mail para a comunicacións e organización entre o profesorado da materia.

De utilidade serán tamén as diferentes plataformas que facilitan a posibilidade de levar a cabo sesións de traballo online, tales coma Zoom, Teams ou calquera outra similar. Neste mesmo apartado, compre engadir tamén á Aula Virtual do centro proporcionada pola Consellería de Educación, Universidade e FP (punto 29.1 do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021). No caso de ser necesario, todas elas facilitan que o alumno poida seguir co seu proceso de aprendizaxe.

O uso de todos os materiais relacionados coas TIC's empregados na aula debe respectar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

### **3. Educación para a saúde**

A aula de violín informará aos alumnos de cantas actividades ao redor da educación para a saúde se fagan no centro, e que inclúan as medidas de prevención, hixiene e promoción da mesma fronte a COVID-19, para facer do alumnado axentes activos na mellora da saúde da comunidade educativa. É de vital importancia para o alumnado, nesta realidade, o coidado do benestar emocional, cristalizado na aula de violín nun apoio por parte do profesorado. O benestar emocional é clave para manter a motivación e, como consecuencia, o rendemento do alumnado nesta situación excepcional. (Ver punto 28 do Protocolo de adaptación ao contexto da COVID-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021).

## **5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**

### **Audicións de alumnos**

Cada trimestre os profesores organizarán audicións de alumnos de violín, nas que os pais dos alumnos poderán ver a evolución técnica e artística dos seus fillos e os alumnos poñerán en práctica os coñecementos adquiridos ante un público real.

Tamén haberá audicións de departamento nas que tocará unha selección de alumnos de todas as especialidades de corda, sobre todo aqueles que máis se esforzaron ao longo do trimestre.

### **Promoción do violín destinada a nenos de educación primaria**

Os profesores farán unha demostración e explicación sobre o funcionamento do violín e as súas posibilidades sonoras para nenos de primaria de non máis de 10 anos, dos colexios do contorno máis cercano ao conservatorio . Disporase de algún instrumento de tamaño máis pequeno para que os nenos o proben e fomentarse a participación dos mesmos de xeito activo na actividade.

Asimesmo tentarase coordinar con centros educativos de infantil e primaria actividades con fin pedagóxico como concertos didácticos ou presentacións no propio conservatorio , para fomentar un maior coñecemento dos instrumentos de corda entre os nenos

### **Actividades organizadas polo departamento**

2º Trimestre: Cursillo de violín impartido por un profesor de recoñecido prestixio aínda por determinar que aportará novas ideas e poderá aconsellarnos sobre a evolución dos nosos alumnos.



## **Actividades organizadas polo centro**

- Asistencia a concertos.
- Actividades organizadas pola Comisión de Actividades Complementarias e Extraescolares de Centro.
- Intercambios con outros centros educativos.

## **6. Grao elemental**

---

### **1. Obxectivos**

#### **Obxectivos xerais para os instrumentos de corda**

O ensino de instrumentos de corda no grao elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e que favoreza o manexo do arco e da actividade da man esquerda, así como a coordinación entre si.
- Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

## 2. Contidos

### Contidos xerais para os instrumentos de corda

- Produción do son: cordas ao aire, uso de todo o arco e distintas lonxitudes do mesmo.
- Posición do instrumento e do arco: control muscular.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade de son.
- Coñecemento das arcadas básicas e do vibrato como elementos de expresión musical.
- Estudo das posicións.
- Desenvolvemento do movemento horizontal do brazo dereito (cantabile) e do movemento vertical dos dedos da man esquerda, así como da coordinación entre ambos.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Lectura a primeira vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Iniciación á comprensión das estruturas musicais nos seus distintos niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, etc.) para chegar a través disto a unha interpretación consciente e non meramente intuitiva.
- Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.

### 3. Criterios de avaliación

#### Criterios de avaliación xerais e comúns a todo o grao

- Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a comprensión melódica, a afinación, articulación e fraseo adecuados ao contido musical
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- Describir con posterioridade a unha audición os trazos característicos das obras escoitadas.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Interpretar en público, como solista e de memoria, obras representativas do seu nivel co instrumento; con seguridade e control da situación.
- Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ou cantar ao mesmo tempo que escoita e adáptase ao resto dos instrumentos.

### 4. Procedementos de avaliación

#### Ordinarios para todos os cursos de grao elemental.

- Ao comezo do curso o profesor realizará unha avaliación inicial có fin de detectar o nivel dos alumnos en función das súas capacidades, actitudes e coñecementos. A **Adaptación da programación didáctica do curso 2019/2020 con data de 7 de maio de 2020** segundo as **Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia**, establece que nesta avaliación inicial o profesor valorará os mínimos esixibles non acadados correspondentes á terceira avaliación do curso 2019/2020 debido á pandemia do COVID19. A información obtida nos permitirá adaptar os novos contidos, o repertorio, e as actividades á realidade do noso alumnado, asegurando

unha asimilación adecuada.

- Avaliación continua ao longo do curso
- Avaliación puntual nas audicións.
- Cada trimestre os profesores conxuntamente farán un control sobre a evolución técnica e artística dos alumnos, os cales deberán interpretar unha escala, un estudio e una peza ou o repertorio que estean preparando no momento, segundo o criterio do seu profesor.
- Para cuarto curso de grao elemental, os profesores poderán establecer unha proba práctica ao final de nivel, a xeito de preparación para a proba de acceso ao grao profesional.

### **Porcentaxes de cualificación**

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Proba de aula: 70%	Audición: 30%
--------------------	---------------

Á súa vez, cada un destes apartados ponderarase do seguinte xeito:

Proba de aula:

- 25%- Técnica da man dereita
- 25%- Técnica da man esquerda
- 15%- Estudo individual correcto
- 15%- Posición Corporal
- 10%- Actitude
- 10%- Interpretación

Audición:

- 30%- Técnica do instrumento
- 40%- Musicalidade
- 30%- Posta en escena

## 5. Medidas de recuperación

Os alumnos que necesiten medidas de recuperación poderán:

- Asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.
- Realizar exames de recuperación ao longo do curso.
- Os profesores contemplarán a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.

## 6. Exames extraordinarios de setembro

Os alumnos que suspendan a convocatoria de xuño poderán realizar unha proba extraordinaria en setembro que verse sobre os contidos da materia correspondentes ao seu curso, e que poderán ser concretados por cada profesor no informe de avaliación negativa que lles será entregado en xuño.

En caso de dúbida, o alumno deberá consultar co profesor correspondente.

Para o cálculo da cualificación teranse en conta as seguintes porcentaxes:

25% afinación 25% ritmo 25% son 25% musicalidade

Será preciso ten aprobado cada bloque de cualificación para poder facer media.

## 7. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado.

O alumno poderá solicitar permiso para asistir coma oínte ás clases do curso ó que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán

unha cualificación.

O consello escolar, visto as actas de avaliación, concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

## **8. Exames para alumnos que perderon o dereito á avaliación continua**

De acordo coa normativa do centro, o alumno perderá o dereito á avaliación continua en caso de ter catro ou máis faltas sen xustificar ao longo do curso, e terá que realizar un aproba de aptitude antes da avaliación final. A devandita proba, para a que será convocado previamente, versará sobre os contidos establecidos na presente programación correspondentes ao seu curso.

Para o cálculo da cualificación teranse en conta as seguintes porcentaxes:

25% afinación 25% ritmo 25% sonido 25% musicalidade

Será preciso ten aprobado cada bloque de cualificación para poder facer media.

## 9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Para homoxeneizar a presente programación, os profesores da materia de violín acordarán os diferentes criterios de cualificación, así como o seu nivel de concreción.

A calibración realizarase naqueles casos nos que exista máis dun profesor por materia e mesmo nivel educativo, como é no caso de violín, mediante as audicións, probas de aula ou todas aquelas actividades que consideren. A posta en común dos resultados, conclusións e axustes, se proceden, poderán levarse a cabo nas reunións de departamento e/ou sesións de avaliación.

O seguimento da programación realizarase, como mínimo, unha vez ao mes nas reunións de departamento.

## 7. Primeiro curso

---

### 1. Obxectivos

Ao tratarse do primeiro contacto do alumno co instrumento, este primeiro curso ten un carácter marcadamente preliminar ou preparatorio.

O principal obxectivo do curso é preparar física e psicolóxicamente ao alumno para unha óptima asimilación dos principios técnicos do instrumento. Esta preparación se desglosa nos seguintes puntos:

- Educación da concentración. O alumno deberá aprender desde o principio a manter un bo nivel de concentración na clase e no estudo persoal.
- Educación da distensión. Principios de relaxación muscular. Movemento e descanso.
- Educación postural: equilibrio.
- Educación rítmica e auditiva.
- Coñecemento do instrumento: Teórico (violín, arco e accesorios; coidados do instrumento) e práctico (posición do violín e do arco, principios da a súa utilización,

pizzicatos).

- Coñecemento do protocolo. Normas de actuación en público: saúdos e posicións de descanso e espera.
- Asimilar os principios elementais da colocación do violín e toma do arco.
- Conseguir unha posición cómoda e correcta do instrumento e un equilibrio corporal nos movementos mais básicos.
- Saber distinguir as divisións básicas do arco e distribuílo de forma correcta. Coñecer o detaché, o martelé e staccato.
- Colocar correctamente a man esquerda e articular ben os dedos na 1ª posición, sendo capaces de mover á man ó longo do diapasón con liberdade como exercicio preparatorio ós futuros cambios de posición.
- Coñecer as escalas de Sol M, La M, Re M, nunha oitava; e Sol M en dúas oitavas e os seus arpejos, e tocalas perfectamente afinadas.
- Tocar pezas sinxelas (primeiro en pizzicato, e despois con arco) obtendo un son homoxéneo e controlado.
- Aprender a tocar en grupo, con ritmo e afinación correctos, pezas axeitadas ó nivel.
- Coñecer as unidades elementais do violín e o arco e a súa morfoloxía.
- Coñecer os principios básicos do estudo e aplicarlos á práctica diaria.

## 2. Contidos

- Posición do violín. Fundamentos do equilibrio.
- Toma do arco. Fundamentos da condución do arco e do son en tres movementos básicos: detaché, martelé e staccato.
- Divisións elementais do arco: unidades, tercios, arco enteiro. Notas ligadas.
- Colocación da man esquerda. Fundamentos.
- Escalas e arpejos nunha oitava ou dúas: Sol M, Re M, La M, nunha oitava e Sol M en dúas oitavas
- Interpretación de pequenas pezas nas tonalidades citadas, con movementos básicos de arco libres de tensións, e con afinación, ritmo e calidade de son correctos.



- Clases colectivas: cómo tocar en grupo: capacidade de escoitarse e de respectarse uns aos outros. Reforzamento da técnica básica por medio da práctica en grupo.
- O violín: as súas partes, o seu coidado.
- Cómo estudar: principios básicos do aproveitamento do estudo. Coñecemento xeral do instrumento e do arco: as súas partes, características acústicas e mantemento.

### 3. Criterios de avaliación

- Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco, as súas partes e o seu mantemento.
- Ter unha postura correcta do violín e do arco, mantendo unha posición equilibrada do corpo fronte ó instrumento, libre de tensións, que favoreza os movementos de coordinación entre ambos brazos e lle permita tocar con comodidade, seguridade e relaxación.
- Asimilar conceptos técnicos, tanto do brazo dereito (Suxeición, conducción e golpes de arco), como da man esquerda (articulación)
- Distribuír axeitadamente o arco en metades (metade superior e metade inferior), centro e todo o arco; realizando diferentes ritmos en cordas ó aire e escalas dunha oitava.
- Combinar adecuadamente as arcadas detaché e legato.
- Tocar cos golpes de arco detaché, martele, legato e staccato unha peza sinxela do programa do curso ou unha escala.
- Tocar as pezas do curso (vid. Listado de pezas recomendadas para o curso) con boa afinación, distribución do arco, homoxeneidade do son, e fraseo correctos.
- Interpretar fragmentos ou pezas curtas en público empregando os conceptos técnicos adquiridos, potenciando a interpretación de memoria.
- Mostrar nas clases capacidade de aprendizaxe progresiva e bos hábitos de estudo.

## 4. Mínimos exigibles por trimestre

Unha das escalas, un estudo curto e dúas pezas

## 5. Recursos didácticos

### Escalas e arpexios:

CURCI :	Tecnica elementale delle sacle e degli arpeggi
GRIGORIAN:	Sistema de escalas.
ABRSM:	Sistema de escalas
TOLEDO, A.:	Método de Escalas e arpexios, Vol I

### Métodos e estudos

ANDERSON AND FROST:	All for Strings vol. 1
APPLEBAUM:	String Builder , Vol 1 Building Technique with Beautiful Music
CRICKBOOM :	El violín teórico e práctico vol.1 (iniciación)
CLAUDIO :	El joven violinista vol. 1.
CURCI :	Tecnica fondamentale di violino, vol. I “50 estudios melódicos” op. 22
COHEN, Eta:	Violin Method vol.I,II
COHEN, M.:	Superstudies, vol 1



DANCLA:	36 Studi Melodicci e facillissimi
De KEYSER:	Violin playtime Studies vol. 1.
DOFLEIN:	Violin Method vol.I
DENES, Lani, Mezo:	Curso para violín, vol. 1
KINGSEY:	Elementary and Progressive Studies, vol 1
P. ROLLAND:	Young Strings in action, vol. I
	Tunes and Exercises for String Players.
MATEU:	El violín, iniciación.
VAN de VELDE :	Le Petit Paganini vol. 1.
VARIOS :	The little Sevcik

### **Pezas:**

BARBER:	Solos for Young Violinists vol.1 (primeiras pezas )
BRODSKY:	Old Music for violin.
BLACKWELL:	Fiddle Time Starters, Fiddle Time Joggers
COHEN:	Superpieces, vol 1
COLLEDGE:	Stepping Stones, Waghon Wheels
ELGAR.:	Six Easy Pieces for Violin.
CRICKBOOM:	“Chants et Morceaux” caderno 1
FLETCHER, S.:	New Tunes for Strings vol. 1
KVALEWSKY:	Album pieces (da 1 a 4)
LENKEI:	Violin music for beginners
	Eloadasi Daravok vol 1-2.
MARTIN, P:	Little suite nº 1e 2.
NELSON, S:	piece by Piece 1, Tetratunes, Right from the start, Two in one, Pairs,

Tunes you know 1, Threes, Fours, etc.

PRACHT: Album of twelve Easy Pieces

SUZUKI: Violin school, vol. I

SZILVAY, G: Aapinen, vol.1, Violin Rascals, vol.1

Pezas do folclore popular galego axeitadas ó nivel nas tonalidades de Sol M, Re M e La M.

Colección de pezas da Royal Academy e da editorial Moscova para grao 1.

Pezas de similar nivel e dificultade.

## 8. Segundo curso

---

### 1. Obxectivos

- Asimilar os principios elementais da colocación do violín e toma do arco.
- Conseguir unha posición cómoda e correcta do instrumento máis afianzada e con maior naturalidade e un equilibrio corporal nos movementos máis básicos.
- Conseguir a realización de cambios de corda máis rápidos e fluídos.
- Ampliar o rexistro a dúas oitavas nas escalas básicas e comezar o estudo das escalas menores sinxelas, perfeccionando a sonoridade e a afinación.
- Tocar pezas de maior dificultade, buscando unha sonoridade mais equilibrada.
- Saber distinguir as divisións básicas do arco e distribuílo de forma correcta. Coñecer o detaché, legato, martelé e staccato.
- Colocar correctamente a man esquerda e articular ben os dedos na 1ª posición, sendo capaces de mover a man ó longo do diapasón con liberdade, como exercicio preparatorio para os futuros cambios de posición
- Aprender a tocar en grupo, con ritmo e afinación correctos, pezas axeitadas ó nivel.
- Coñecer as unidades elementais do violín e o arco e a súa morfoloxía.
- Coñecer os principios básicos do estudio e aplicarlos á práctica diaria.

- Inicialse na comprensión das estruturas musicais máis sinxelas.
- Tocar en audicións públicas só e en conxunto, pezas de memoria; con bo control, afinación, son e ritmo
- Iniciar a aprendizaxe dos recursos para a improvisación e a lectura a primeira vista.

## 2. Contidos

- Posición correcta do corpo co instrumento e boa suxeición do arco
- Formación do son: homoxeneidade, sonoridade e afinación; o peso e a velocidade do arco. O ritmo e a sincronización das dúas mans.
- Continuación do traballo con golpes fundamentais do arco "alla corda": detaché, martelé, legato e staccato. Os cambios de corda e o legato, combinacións sinxelas.
- Desenvolvemento do movemento perpendicular, horizontal e lateral dos dedos da man esquerda.
- Escalas de Sol M, La M, Si b M, La m, en dúas oitavas; e Do M, Sol m e Rem nunha oitava cos seus arpeixos. Exercicios de dobres cordas sinxelos, con cordas ó aire ou con só un dedo pisado.
- Control permanente da afinación. escoita interna.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria con diferentes exercicios, estudos e obras do repertorio.
- Cómo estudar: a organización do traballo na casa
- As estruturas formais das cancións populares: ABA, ABCA, ABCB, etc.
- Lectura a primeira vista.

### 3. Criterios de avaliación

- Coñecer de forma xeral o instrumento e o arco, as súas partes e o seu mantemento.
- Manter unha posición equilibrada do violín, da man esquerda e do arco, tocando unha escala e os seus arpejos no ámbito de dúas oitavas e unha peza de memoria, con boa afinación e son.
- Distribuír axeitadamente o arco en metades, terzos e arco enteiro, combinado co ligado de dúas, tres ou mais notas e empregar con solvencia o detaché en distintas partes do arco. Tocar diferentes ritmos, distribuíndo correctamente o arco en cordas ó aire.
- Tocar as escalas de Sol M, La M , La m e Sib M (en dúas oitavas), Do M, Re m e Sol m nunha oitava), cos seus correspondentes arpejos, con distintos golpes de arco e ritmos.
- Interpretar fragmentos ou pezas curtas en público empregando os conceptos técnicos adquiridos, potenciando a interpretación de memoria e facendo uso de matices e dinámicas elementais, así como elementos básicos do fraseo.
- Tocar as pezas do programa (Vid. listado de pezas recomendadas) cunha posición correcta, distribución do arco, bo son e afinación precisa.
- Mostrar nas clases capacidade de aprendizaxe progresiva e bos hábitos de estudo.

### 4. Mínimos exigibles por trimestre

Unha das escalas e tres pezas e/ou estudos .

### 5. Recursos didácticos

#### **Escalas e arpeggios:**

A. CURCI:                      Tecnica elementale delle sacle e degli arpeggi

GRIGORIAN:                 Sistema de escalas.



ABRSM.: Sistema de escalas  
TOLEDO, A.: Método de Escalas e arpejos, Vol I

### **Métodos e estudos**

ANDERSON AND FROST: All for Strings vol.2  
APPLEBAUM: String Builder, Vol 2  
CRICKBOOM : El violín teórico y práctico vol.1 e 2  
CLAUDIO : El joven violinista vol. 2  
CURCI : Tecnica fondamentale di violino, vol. II  
"50 estudios melódicos" op. 22  
COHEN, Eta: Violin Method vol.,II  
COHEN, Mary: Superstudies, vol 2  
DANCLA: 36 Studi Melodicci e facillissimi  
KAYSER : Estudios, op. 20  
De KEYSER: Violin Study Time.  
DOFLEIN: Violin Method vol.II  
KINGSEY: Elementary and Progressive Studies, vol 2  
LASZLO ET AL.: Violin schule III (Escalas en dos octavas)  
ROLLAND: Young Strings in action, vol. II.  
VAN de VELDE : Le Petit Paganini vol. 1 (final) e 2 ( principio).  
VARIOS: The little Sevcik  
WOHLFAHRT: Estudios, op.45  
LECTURAA 1ª VISTA: Specimen Sightreading Tests (ABRSM)  
Graos 1-5  
**Pezas:**  
BARBER: Solos for Young Violinists vol.1



BEER:	Concertino op. 47
BARTOK:	“dúos” do 1 ao 14
BLACKWELL:	Fiddle Time Runners
BORNEMAN:	Le Petit Paganini
COLLEDGE:	Fast Forward
COHEN:	Superpieces, vol 2
CRICKBOOM:	“Chants et Morceaux” caderno 1
ELGAR.:	Six Easy Pieces for Violin.
FLETCHER, S.:	New Tunes for Strings vol. 1 e 2
KAVALEWSKY:	Album pieces
KUCHLER:	Concertino en Sol M op. 11.
LANYI- LENKEI:	Eloadasi Daravok vol 1-2.
MARTIN, P:	Little suite nº 3 e 4. .
MOFFAT:	Old Masters for Young Players.
NELSON, S.:	Piece by Piece 2, , Two in one, Pairs, Tunes you know 1 e 2, Threes, Fours, etc.
PRACHT:	Album of twelve Easy Pieces
RIEDING:	Concertino en Si m. ( 1º MOV)
SUZUKI :	Violin school, vol. I e II
SZILVAY, G.:	Violin Rascals, vol.2
	Colección de pezas da Royal Academy e da editorial Moscova para grado 2
	Pezas de similar nivel e dificultade.



## 9. Terceiro curso

---

### 1. Obxectivos

- Adoptar unha posición adecuada do instrumento que permita o alumno manexar o arco con total naturalidade e que evite problemas de tensión na man esquerda.
- Perfeccionamento dos golpes de arco xa coñecidos e inicio da aproximación do arco cara o talón por medio da recuperación do arco. Introducción o estudio do spiccato por medio de estudos preparatorios en cordas ó aire. Emprego de arcos abaixo lentos e arriba rápidos, así como do “arco de Viotti”.
- Iniciar a aprendizaxe dos cambios de posición, primeiro facendo uso das cordas ó aire e dos harmónicos naturais, e interpretando noutras posicións melodías xa coñecidas polo alumno. procurando a súa correcta asimilación.
- Aprender a realizar cambios desde 1ª a 2ª e 3ª posición, con flexibilidade e seguridade.
- Iniciarse nos movementos introdutorios á realización do vibrato.
- Tocar escalas en dúas oitavas en 1ª posición e con cambios a 2ª e 3ª.
- Aplicar uns bos hábitos de estudio na práctica diaria.
- Tocar as obras e estudos do curso con boa calidade de son, afinación.
- Conseguir un maior desenvolvemento da memoria.
- Comprender as formas básicas das pezas que interpreta ó alumno.
- Ler fragmentos sinxelos a primeira vista acordes ó nivel do curso.

### 2. Contidos

- Desenvolvemento da técnica básica do arco. Perfeccionamento dos golpes de arco: detaché, legato, martelé, staccato lento e portato, coas súas combinacións. Bariolages sinxelos sobre dous ou tres cordas.

- Introducción ó estudio do spiccato. Iniciación ao uso das dobres cordas.
- Obras e estudos axeitados ó nivel con uso expresivo dos matices.
- Aumento progresivo da velocidade da man esquerda
- Estudo sistemático da segunda e terceira posición.
- Os cambios de posición e iniciación ó vibrato.
- Escalas en dúas oitavas en posición fixa e con cambios de posición.  
( Sol M, Re M, Do M nunha oitava en 3ª posición e Si b M, Fa M, e Do M en 2ª posición nunha oitava). Escala de Re M en dúas oitavas con cambio a terceira posición.
- As formas básicas dos movementos de danza: Gavotte, Minuet, etc.
- Lectura a primeira vista.
- Obtención dunha boa sincronización entre ambas as mans.
- Flexibilidade das articulacións.

### 3. Criterios de avaliación

- Tocar unha escala das establecidas para o curso con diferentes ritmos e golpes de arco, tanto en posicións fixas como con cambios de posición cunha correcta distribución e toma do arco, así como con correcta articulación dos dedos da man esquerda, sonoridade e afinación.
- Tocar un estudio do programa con diferentes golpes de arco e ligaduras.
- Facer un cambio de posición á 2ª e á 3ª posición na súa modalidade mais básica (1-1, 2-2, 3-3, 4-4) mediante cordas ó aire, e de dedo 2 a dedo 1 (por exemplo, no violín de Do a Re

en 2ª corda) en tódalas cordas. Interpretación de melodías en 3ª e 2ª posición fixa.

- Tocar as pezas do programa e os estudos con boa afinación e son, realizando os matices correctamente (vid. Listado de pezas recomendadas)
- Comprender a estrutura formal das pezas interpretadas polo alumno

#### 4. Mínimos exigibles por trimestre

Dúas escalas e arpeixos, dous estudos e dúas pezas.

#### 5. Recursos didácticos

##### Escalas e arpeixos:

A. CURCI:	Tecnica elementale delle sacle e degli arpeggi
GRIGORIAN:	Sistema de escalas.
ABRSM:	Sistema de escalas
TOLEDO, A.:	Método de Escalas e arpegios, Vol I

##### Métodos e estudos

ANDERSON AND FROST:	All for Strings, vol 3
APPLEBAUM:	String Builder , Vol 3
CRICKBOOM :	O violín teórico e práctico vol.2 e 3
CLAUDIO :	El joven violinista vol. 3
CURCI:	Tecnica fondamentale del violino, vol. III e IV Posizioni e Cambiamenti di Posizioni
COHEN, Mary:	Technique Takes Off Superstudies, vol 2



COHEN, E.:	Violin Method vol.III
KAYSER:	Estudios, op. 20
DOFLEIN:	Violin Method vol. II e III
KINGSEY:	Elementary and Progressive Studies, vol 3
KROTKIEVSKY:	Estudios de cambio de posición
LASZLO ET AL.:	Estudios
MACKAY:	Position changing for the violín.
POLO:	Estudios de dobles cuerdas (1 a 5)
TROTT.:	Melodious Double Stops Vol 1.
VAN de VELDE:	Le Petit Paganini vol. 3
VARIOS:	The little Sevcik
WOHLFAHRT:	Estudios, op.45
WHISTLER:	Introducing the positions Vol. I.
WOOF:	Studies of Modérate difficulty ( Cambios de Posición).
LECTURA A 1ª VISTA:	Specimen Sightreading Tests (ABRSM) Grados 1-5

### **Pezas:**

BARBER:	Solos for Young Violinists vol.1 (Papini :Tema e variacións.Trott: The Puppet Show, Huber: Concertino, Kroll Donkey Doodle))
BLACKWELL:	Fiddle Time Sprinters
COLLEDGE:	Fast Forward, Shooting Stars
CRICKBOOM:	Los maestros del violín, vol. II y III
DANCLA:	12 Easy Fantasies op. 86
LANYI- LENKEI:	Eloadasi Daravok vol. 3.

NELSON, S.:	Keytunes Moving up Moving up again
PORTNOFF:	Concertino op. 13
RIEDING:	Concertino, op. 35 (3º Mov) Concertinos op. 34 e op. 36
SUZUKI:	Violin School Vol. III
VARIOS:	Chants et Morceaux, vol. II y III

Colección de pezas da Royal Academy e da editorial Moscova para grado 1

Pezas de similar nivel e dificultade.

## 10. Cuarto curso

---

### 1. Obxectivos

- Consolidar a técnica básica do violín no manexo do arco e a man esquerda.
- Desenvolver os elementos expresivos básicos da música, adaptándose á obra, o seu estilo e as indicacións dinámicas. Coñecer os diferentes estilos musicais. Mellorar a comprensión das obras, así como o seu fraseo e interpretación.
- Perfeccionar os cambios de posición e desenvolver o vibrato con fins expresivos.
- Perfeccionar os golpes de arco coñecidos e continuar co estudio do spiccato facendo uso deles de modo coherente no repertorio.
- Coñecer todas as escalas maiores e menores en dúas oitavas con cambios de posición ou en diferentes posicións (1ª, 2ª e 3ª). Iniciar nas escalas en tres oitavas ( Sol Maior).
- Tocar en grupo, escoitando aos demais e interpretando correctamente os matices.
- Comprender a forma básica do concerto para instrumento solista.
- Practicar a lectura a primeira vista con fragmentos seleccionados acordes ó nivel
- Tocar un programa de obras que permita realizar unha proba de acceso a Grao

Profesional con soltura e interpretación axeitada, algunha delas de memoria.

## 2. Contidos

- Perfeccionamento e asimilación dos contidos de cursos anteriores.
- Dobres cordas. Acordes.
- Aprendizaxe dos elementos expresivos básicos da música. O estilo, os matices e as dinámicas.
- Estudio sistemático das tres primeiras posicións e comezo do estudio da 4ª e 5ª posicións.
- Cambios de posición. Desenvolvemento do vibrato.
- Estudio dos golpes de arco básicos: detaché, legato, martelé, staccato lento e portato, coas súas combinacións, ademais do perfeccionamento do spiccato e dos seus derivados máis simples.
- Escalas en dúas oitavas con cambios de posición e arpejos, con diferentes golpes de arco. Iniciación ás tres oitavas no violín, Sol Maior.
- Técnicas de estudio e memorización.
- Lectura a primeira vista.
- Estructuras formais das obras interpretadas polo alumno.

## 3. Criterios de avaliación

- Tocar un programa con tres pezas completas que permita a realización da proba de acceso a Grao Profesional cunha correcta técnica, afinación e musicalidade. (vid. Listado de pezas recomendadas)
- Realizar os cambios de posición coa técnica correcta.
- Utilizar o vibrato como recurso expresivo.
- Saber utilizar os golpes de arco básicos axeitados para cada estudio ou peza a interpretar na proba.

- Interpretar as dinámicas, estilo e matices de cada obra, cunha corrección esixible ó nivel elemental.
- Ler un fragmento breve a primeira vista acorde ó nivel.
- Comprender as estruturas formais das obras interpretadas polo alumno.

#### 4. Mínimos exixibles por trimestre

Dúas escalas e arpexios, dous estudos e unha obra.

#### 5. Recursos didácticos

##### Escalas e arpexios:

CURCI:	Tecnica elementale delle scale e degli arpeggi
GRIGORIAN:	Sistema de escalas.
ABRSM:	Sistema de escalas.
TOLEDO, A.:	Método de Escalas e arpeggios, Vol. I

##### Métodos e estudos

ARIAS:	Antología de estudios para violín, vol. 1
APPLEBAUM:	Second and Fourth Positions String Builder Third and Fifth positions string builder
CRICKBOOM:	El violín teórico e práctico vol.3 e 4
CURCI:	Tecnica fondamentale del violino, vol. III e IV Posizioni e Cambiamenti di Posizioni
COHEN, Mary:	Technique Takes Off
COHEN, E:	Violin Method vol.III,IV
DONT:	Estudios, op. 38
KAYSER:	Estudios, op. 20
DOFLEIN:	Violin Method vol. III- IV



KINGSEY:	Elementary and Progressive Studies, vol 3
KAYSER:	Estudios op. 20
KREUTZER:	42 Estudios
KROTKIEVSKY:	Estudios de cambio de posición
LANYI- LENKEI	Eloadasi Daravok vol -3-4
LASZLO ET AL.:	Tonleiterstudien
MACKAY:	Position changing for the violín.
POLO:	Estudios de dobles cuerdas
SCHRADIEK :	Técnica del violín, vol. I
TROTT.:	Melodious Double Stops Vol 1.
VAN de VELDE:	Le Petit Paganini vol. 3
VARIOS:	The little Sevcik
WOHLFAHRT:	Estudios, op.45
WHISTLER:	Introducing the positions Vol. I
	Preparing for Kreutzer, vol 1.
LECTURAA 1ª VISTA:	Specimen Sightreading Tests (ABRSM) Grados 1-5

**Obras:**

BÖHM:	Sarabanda en Sol m
BRAHMS:	Danza húngara nº 5 ( Arranxo de Avsharian Fun whith Solos)
CORELLI	Sonata en mi menor nº 8
CRICKBOOM:	Los maestros del violín, vol. III y IV
CRICKBOOM:	Chants et Morceaux, vol. IV
DANCLA:	12 fantasias Fáciles
	Kleine Melodie Schule op. 123 Vol 2 e 3
ECCLES, H.:	Sonata en Sol m
FIOCCO:	Allegro





GRIEG, E.:	Lyrische Stüke, op 38
GABRIEL- MARIE :	La Cinquantaine
GINGOLD:	Solos for the violin player vol 1 ( allegro Spiritoso, the Bells)
HANDEL:	Sonatas op. 1, nº 3,10,12, 13, 14, 15
KUHLER:	Concertino op. 15
MILLIES:	Concertino ao estilo de Mozart
MOLLENHAUER:	The infant paganini. The Boy Paganini
PLEYEL:	Dúos para 2 violíns
RIEDING:	Concertino op. 24
SEITZ:	Concerto nº2 ( Suzuki vol 4) Concerto nº 5( Suzuki vol. 4)
SUZUKI:	Violin School Vol. III e vol. IV
TELEMANN:	Concerto en Sol M.
VIVALDI:	Concerto en sol M. e La m.
VIVALDI:	Sonatas para Violin.
PERSICHETTI:	Masques

Coleccións de pezas da Editorial Moscova , e da Royal Academy de Londres para este grao.  
Pezas de similar nivel e dificultade

## 11. Probas de acceso a todos os cursos de grao elemental agás 1º

---

### Disposicións xerais para as probas de acceso a Grao Elemental

- O alumno interpretará dúas pezas de libre elección.
- O alumno interpretará tamén a primeira vista un fragmento proposto polo tribunal.
- Todas as obras que requiran acompañamento de piano serán interpretadas co devandito instrumento. Se, froito da excepcionalidade pola COVID-19, non se puidera facer a proba de maneira presencial, os candidatos poderían prescindir do acompañamento de piano nas pezas que o requirisen.
- As partituras a interpretar polo alumno deben ser orixinais (non fotocopias ).

Para o cálculo da cualificación teranse en conta as seguintes porcentaxes:

25% afinación 25% ritmo 25% son 25% musicalidade

Será preciso ten aprobado cada bloque de cualificación para poder facer media.

### Listado de obras orientativas a interpretar para as probas de acceso

#### Acceso a 2º de grao elemental

SUZUKI	May song, n. 6. <i>“Violin School Volume 1”</i> .
SUZUKI	Bayly .Long,long ago, n. 7 <i>“Violin School Volume 1”</i>
SUZUKI	Allegro, n. 8 <i>“Violin School Volume 1”</i> .
SUZUKI	Allegretto, n. 10 <i>“Violin School Volume 1”</i> .
SUZUKI	Andantino, n. 11 <i>“Violin School Volume 1”</i> .
M. CRICKBOOM	Pastre Dei Mountagno. Noël provençal . <i>“Chants et Morceaux I</i>

M. CRICKBOOM	Quand Le P'Tit Jésus Allait À L' École. Chanson enfantine (Wallonia) " <i>Chants et Morceaux I</i> "
BACH:	Excerpt from the Peasant Cantata " <i>Violin Music for Beginners</i> " HAENDEL Menuett
S.SÁNDOR:	Dance Song from th 17 <sup>th</sup> c. " <i>Violin Music for Beginners</i>
PURCELL:	Except from the opera King Arthur " <i>Violin Music for Beginners</i> "

**NOTA:** *para máis información sobre repertorio orientativo consultar o listado de repertorio establecido na programación para 1º de grao elemental.*

## Criterios de avaliación

- Ler textos á primeira vista con fluidez e comprensión.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a melodía, afinación, articulación e fraseo axeitados ao seu contido.
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Correspondencia entre as capacidades adquiridas polo alumno e os obxectivos establecidos na programación.
- Criterios establecidos na presente programación para 1º curso de grao elemental.

## Acceso a 3º de grao elemental

- MOZART	Excerpt from the opera the Magic Flute.	<b>"Violin Music for Beginners"</b>
- WEBER	Waltz	<b>"Violin Music for Beginners"</b>
-SCHUBERT	Allemande	<b>"Violin Music for Beginners"</b>

- BEETHOVEN **Chant de Mai "Chants et Morceaux II" (M. Crickboom)**
- CRICKBOOM **Bourrée en Rondeau. Danse populaire du Vivarais "Chants et Morceaux II"**
- CRICKBOOM **Jasiek. Danse populaire (Pologne) "Chants et Morceaux II"**
- HAENDEL **Bourrée "Chants et Morceaux II" (M. Crickboom)**
- WOHLFHART **Estudio n.1 "60 Estudios op.45"**
- WOHLFHART **Estudio n.4 "60 Estudios op.45"**
- WOHLFHART **Estudio n.5 "60 Estudios op.45"**

**NOTA: para máis información sobre repertorio orientativo consultar o listado de repertorio establecido na programación para 2º de grao elemental.**

## **Criterios de avaliación**

- Ler textos á primeira vista con fluidez e comprensión.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a melodía, afinación, articulación e fraseo axeitados ao seu contido.
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Correspondencia entre as capacidades adquiridas polo alumno e os obxectivos establecidos na programación.
- Criterios establecidos na presente programación para 2º curso de grao elemental.

## **Acceso a 4º de grao elemental**

- CRICKBOOM **Au jardin de ma tante Chanson populaire wallonne "Chants et Morceaux III"**



- |             |                                                                         |
|-------------|-------------------------------------------------------------------------|
| - CRICKBOOM | L'insouciant <i>"Chants et Morceaux III"</i>                            |
| - SILCHER   | <i>Lore-lay "Chants et Morceaux III"</i> (M.Crickboom)                  |
| - CRICKBOOM | La Filadora .Chanson Populaire catalane <i>"Chants et Morceaux III"</i> |
| - HAENDEL   | Allegro Elödási Darabok <i>"Violinschule 3--"</i> - MOZART              |
|             | Menuett Elödási Darabok <i>"Violinschule 3-</i>                         |
| - RIEDING   | Concertino en si menor op.35                                            |
| - KAYSER    | Estudio n.1 <i>"36 Estudios op.20"</i>                                  |
| - KAYSER    | Estudio n.3 <i>"36 Estudios op.20"</i>                                  |
| - KAYSER    | Estudio n.5 <i>"36 Estudios op.20"</i>                                  |
| - WOHLFHART | Estudio n.31 <i>"60 Estudios op.45"</i>                                 |

**NOTA:** para máis información sobre repertorio orientativo consultar o listado de repertorio establecido na programación para 3º de grao elemental.

## Criterios de avaliación

- Ler textos á primeira vista con fluidez e comprensión.
- Memorizar e interpretar textos musicais empregando a melodía, afinación, articulación e fraseo axeitados ao seu contido.
- Interpretar obras de acordo cos criterios do estilo correspondente.
- Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Correspondencia entre as capacidades adquiridas polo alumno e os obxectivos establecidos na programación.
- Criterios establecidos na presente programación para 3º curso de grao elemental.

## 12. Grao profesional

---

### 1. Obxectivos

#### **Obxectivos xerais para os instrumentos de corda.**

O ensino de instrumentos de corda no grao profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver nos alumnos as capacidades seguintes:

- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos musicais dunha dificultade acorde con este nivel.
- Aplicar cunha autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo.
- Coñecer as distintas convencións interpretativas vixentes nos distintos períodos da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.
- Practicar a música de conxunto, integrándose en formacións camerísticas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido de interdependencia entre os respectivos labores.

### 2. Contidos

#### **Contidos xerais para os instrumentos de corda**

- Continuación do traballo sobre os cambios de posición.
- Dobres cordas e acordes de tres e catro notas.
- Desenvolvemento da velocidade.
- Perfeccionamento dos diferentes golpes de arco.
- Harmónicos naturais e artificiais.
- Traballo da polifonía no violín.
- A calidade sonora: cantabile e afinación.
- Traballo do fraseo e a súa adecuación aos diferentes estilos.

- Profundización no estudo da dinámica, da precisión na realización das diferentes indicacións que a ela se refiren, e do equilibrio dos niveis e calidades de son resultantes.
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Audicións de grandes intérpretes.
- Interpretación de obras do repertorio do violín de dificultade acorde con este nivel.
- Identificación e diagnóstico de problemas, así como procura de solucións.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces, importancia do traballo individual.
- Audicións de clase e clases colectivas.

### 3. Criterios de avaliación

#### Criterios de avaliación xerais e comúns a todo o grao

- Utilizar o ton muscular e a respiración apropiados ás esixencias da execución instrumental.
- Demostrar dominio na execución de estudos e obras, sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.
- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.
- Interpretar obras de memoria das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.
- Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.
- Mostrar autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.
- Presentar en público un programa apropiado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística.
- Correspondencia entre as capacidades adquiridas polo alumno e os obxectivos establecidos na programación.
- Interese e esforzo mostrados polo alumno.

## 4. Procedementos de avaliación

### Ordinarios

- Ao comezo do curso o profesor realizará unha avaliación inicial có fin de detectar o nivel dos alumnos en función das súas capacidades, actitudes e coñecementos. A **Adaptación da programación didáctica do curso 2019/2020 con data de 7 de maio de 2020** segundo as **Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia**, establece que nesta avaliación inicial o profesor valorará os mínimos esixibles non acadados correspondentes á terceira avaliación do curso 2019/2020 debido á pandemia do COVID19. A información obtida nos permitirá adaptar os novos contidos, o repertorio, e as actividades á realidade do noso alumnado, asegurando unha asimilación adecuada.
- Avaliación continua ao longo do curso
- Avaliación puntual nas audicións.
- Realizaranse controis para reforzar o proceso evaluativo.
- Farase un exame ao final do segundo e cuarto curso xunto con outros profesores do departamento de corda.
- Cada trimestre os profesores coxuntamente farán un control sobre a evolución técnica e artística dos alumnos, os cales deberán interpretar unha escala, un estudio e una peza ou o repertorio que estean preparando no momento, segundo o criterio do seu profesor.
- Para sexto de grao profesional, realizarase un recital público e será avaliábel para final de grao.

### Porcentaxes de cualificación

Para o cálculo das cualificacións teranse en conta as seguintes porcentaxes:

Proba de aula: 70%	Audición: 30%
--------------------	---------------



Á súa vez, cada un destes apartados ponderarase do seguinte xeito:

Proba de aula:

- 25%- Interpretación
- 25%- Técnica da man dereita
- 25%- Técnica da man esquerda
- 15%- Estudo individual correcto
- 10%- Actitude

Audición:

- 30%- Técnica do instrumento
- 40%- Musicalidade
- 30%- Posta en escea

## 5. Medidas de recuperación

Os alumnos que necesiten medidas de recuperación poderán:

- Asistir como oíntes ás clases de compañeiros de niveis similares.
- Realizar exames de recuperación ao longo do curso.
- Os profesores contemplarán a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas ou horas de reforzo educativo para traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.

Para o cálculo da cualificación teranse en conta as seguintes porcentaxes:

25% afinación 25% ritmo 25% sonido 25% musicalidade

Será preciso ten aprobado cada bloque de cualificación para poder facer media.

## 6. Exames extraordinarios de setembro

Os alumnos que suspendan a convocatoria de xuño poderán realizar unha proba extraordinaria en setembro que verse sobre os contidos da materia correspondentes ao seu curso, e que poderán ser concretados por cada profesor no informe de avaliación negativa que lles será entregado en xuño.

En caso de dúbida, o alumno deberá consultar co profesor correspondente.

Para o cálculo da cualificación teranse en conta as seguintes porcentaxes:

25% afinación 25% ritmo 25% sonido 25% musicalidade

Será preciso ter aprobado cada bloque de cualificación para poder facer media.

## 7. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para conceder a ampliación de matrícula é requisito indispensable que o alumno supere os obxectivos e contidos de todas as materias do curso no que está matriculado, e que o profesor considere que pode superar os do seguinte.

O alumno/a interesado en ampliar matrícula notificará este feito aos profesores/as de todas as materias das que estea matriculado.

O alumno poderá solicitar permiso para asistir coma oínte ás clases do curso ó que quere ampliar. Haberá unha xunta avaliadora formada por todos os profesores/as, que emitirán unha cualificación.

O Consello Escolar visto as actas de avaliación concederá as ampliacións de matrícula que procedan.

## 8. Exames para alumnos que perderon o dereito á avaliación continua

De acordo coa normativa do centro, o alumno perderá o dereito á avaliación continua en caso de ter catro ou máis faltas sen xustificar ao longo do curso e terá que realizar unha proba de aptitude antes da avaliación final. A devandita proba, para a que será convocado previamente, versará sobre os contidos establecidos na presente programación

correspondentes ao seu curso.

Para o cálculo da cualificación teranse en conta as seguintes porcentaxes:

25% afinación 25% ritmo 25% son 25% musicalidade

Será preciso ten aprobado cada bloque de cualificación para poder facer media.

## 9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Para homoxeneizar a presente programación, os profesores da materia de violín acordarán os diferentes criterios de cualificación, así como o seu nivel de concreción.

A calibración realizarase naqueles casos nos que exista máis dun profesor por materia e mesmo nivel educativo, como é no caso de violín, mediante as audicións, probas de aula ou todas aquelas actividades que consideren. A posta en común dos resultados, conclusións e axustes, se proceden, poderán levarse a cabo nas reunións de departamento e/ou sesións de avaliación.

O seguimento da programación realizarase, como mínimo, unha vez ao mes nas reunións de departamento.

## 13. Primeiro curso

---

### 1. Obxectivos

- Coñecer os recursos que ten o instrumento e pór en práctica os fundamentais, mostrando un dominio pleno das dificultades básicas, que serán ampliadas neste curso.
- Lograr que o alumno aproveite satisfactoriamente o seu tempo de estudo.
- Profundar no coñecemento dos diferentes estilos musicais para a súa mellor comprensión e interpretación.

## 2. Contidos

- Dominio das cinco primeiras posicións.
- Dominio dos golpes de arco básicos. Estudo doutros máis complexos.
- Dobres cordas. Acordes.
- Desenvolvemento do vibrato.

## 3. Criterios de avaliación

Esixirase a realización correcta dun mínimo de catro estudos por trimestre, unha escala con arpexios e dobres cordas adecuada aos contidos do curso por trimestre. Ademais ao final de curso, o alumno, deberá realizar un programa de dúas obras completas cunha duración non inferior a 20 minutos.

## 4. Mínimos exixibles por trimestre

Os estudos e a escala correspondentes mais un terzo do programa de obras en canto á súa duración. O alumno debe realizar, polo menos, dous ensaios co pianista acompañante por trimestre.

## 5. Recursos didácticos

### **Escalas e arpeggios:**

GRIGORIAN:	Sistema de escalas.
GALAMIAN:	Contemporary violín technique Vol I
FLESCHE:	Sistema de escalas.
ABRSM:	Sistema de escalas grados 5 a 8



TOLEDO, A.: Método de Escalas e arpexios, Vol II

**Técnica e estudos:**

ARIAS: Antoloxía de estudos para violín, vol I e II

CURCI : Tecnica fondamentale del violino, vol. IV

Posizioni e Cambiamenti di Posizioni

CRICKBOOM: Os mestres do violín, vol. IV e V

DONT: Estudos, op. 37

KAYSER: Estudos, op. 20

DOFLEIN: Violin Method vol.IV- V

KAYSER: Estudos op. 20

KREUTZER: 42 Estudos

MAZAS: Estudos op. 36 vol I

POLO: Estudos de dobles cuerdas

SCHRADIEK: Técnica del violín, vol. I

SEVCIK: School of Violin Techniques, **op. 1, 2, 7, 8**

TROTT: Melodious Double Stops Vol 1

WOHLFAHRT: Estudos, op.45

WHISTLER: Introducing the positions Vol. I e vol II

Preparing for Kreutzer, vol 1.

LECTURA A 1ª VISTA: Specimen Sightreading Tests (ABRSM) Grados 5-8

**Obras:**

ACCOLAY: Concertino en la menor

BOHM: Introducción and Polonaise

Perpetual Motion

B. BARTOK: 44 dúos, vol. II

DANCLA: 6 Airs Variés op.89

CORELLI:	Sonatas op. 5
ELGAR:	Chanson de Matin Chanson de Nuit
HÄNDEL:	Sonatas op.1
HAYDN:	Dúos, op. 99
HELMUTH MAY:	Orquestra para principiantes
KREISLER:	Rondino on a Theme by Beethoven
MOLLENHAUER:	The boy Pgagnini
VIVALDI:	Sonatas op.2 Concerto en Sol m op. 12 nº 1
VARIOS:	Chants et Morceaux, vol. IV

Sonatas e concertos de compositores barrocos.  
Pezas populares galegas.  
Outras obras de similar nivel e dificultade.

## 14. Segundo curso

---

### 1. Obxectivos

- Perfeccionar os recursos que ten o instrumento e pór en práctica os fundamentais, demostrando un dominio pleno das dificultades básicas, que serán ampliadas neste curso.
- Conseguir que o alumno saque o maior rendemento ao seu tempo de estudo e que aprecie a súa evolución co instrumento.
- Profundar no coñecemento dos diferentes estilos musicais para a súa mellor comprensión e interpretación.

### 2. Contidos

- Dominio das sete posicións.
- Dominio dos golpes de arco básicos. Estudo e perfeccionamento doutros máis complexos.

- Dobres cordas. Acordes. Estudo e perfeccionamento.
- Emprego e desenvolvemento das diferentes dinámicas.
- Desenvolvemento do vibrato e perfeccionamento das diferentes variedades.

### 3. Criterios de avaliación

Esixirase a realización correcta dun mínimo de catro estudos por trimestre, unha escala con arpexios e dobres cordas adecuada aos contidos do curso por trimestre. Ademais, ao final de curso o alumno deberá realizar un programa de dúas obras completas cunha duración non inferior a 20 minutos.

### 4. Mínimos exixibles por trimestre

Os estudos e a escala correspondentes mais un terzo do programa de obras en canto á súa duración. O alumno debe realizar, polo menos, dous ensaios co pianista acompañante por trimestre.

### 5. Recursos didácticos

#### **Escalas e arpexios:**

GRIGORIAN:	Sistema de escalas.
GALAMIAN:	Contemporary violín technique Vol I
FLESCHE:	Sistema de escalas.
ABRSM:	Sistema de escalas grados 5 a 8
TOLEDO, A.:	Método de Escalas e arpexios, Vol II

#### **Técnica e estudos**



ARIAS:	Antología de estudios para violín, vol II-III
CURCI :	Tecnica fondamentale del violino, vol. IV Posizioni e Cambiamenti di Posizioni
CRICKBOOM:	Os mestres do violín, vol. IV e V
DONT:	Estudios, op. 37
DOFLEIN:	Violin Method vol. V
FIORILLO:	Estudios
KREUTZER:	42 Estudios
MAZAS:	Estudios op. 36 vol I
POLO:	Estudios de dobles cuerdas
SCHRADIEK:	Técnica del violín, vol. I
SEVCIK:	School of Violin Techniques, op. 1, 2, 7, 8,9
TROTT.:	Melodious Double Stops Vol 1 e 2
WOHLFAHRT:	Estudios, op.45
WHISTLER:	Introducing the positions Vol. I e vol II Preparing for Kreutzer, vol 1.
LECTURA A 1ª VISTA:	Specimen Sightreading Tests (ABRSM) Grados 5-8

### **Obras**

ACCOLAY:	Concertino en la menor nº 1
BACH:	Concierto en la menor BWV 1041 Doble concertó en Rem
BOCCHERINI:	3 duetos, op. 5
BOHM	Introducción e Polonesa
CORELLI:	Sonatas op. 5
DANCLA:	6 Airs Variés op.89
ELGAR:	Salut D'Àmour
GLUCK	Melodie





HAYDN:	Dúos, op. 99
KREISLER	Tempo di Minuet
MOZART:	Sonatas para violín y piano
MARTINU	Sept Arabesques
NARDINI	Concerto en Mi menor
SEVERN	Polish dance
VIVALDI:	Las Estaciones
TELEMANN:	Fantasías para violín solo
A. DVORAK:	Sonatina para violín y piano, op. 100
MASSENET:	Meditación de Thais
SEITZ	Concerto nº3 op. 12 en Sol m
VALENTINI	Sonata en Re m op. 8 nº 1
RIEDING	Concerto en Sol M op. 25
Pezas populares galegas.	
Outras obras de similar nivel e dificultade	

## 15. Terceiro curso

---

### 1. Obxectivos

- Perfeccionar os recursos que ten o instrumento e desenvolver os fundamentais, demostrando un dominio pleno das dificultades técnicas coñecidas, e das que se van a traballar neste curso.
- Conseguir que o alumno saque o maior rendemento ao seu tempo de estudo e aprecie a súa evolución co instrumento.
- Fomentar a autonomía do alumno no tocante ás dixitacións e arcos.
- Profundar no coñecemento dos diferentes estilos musicais para a súa mellor comprensión e interpretación.

## 2. Contidos

- Dominio das posicións.
- Dominio dos golpes de arco fundamentais. Estudo doutros máis complexos.
- Dobres cordas. Acordes. Estudo e perfeccionamento.
- Emprego e desenvolvemento das diferentes dinámicas.
- Desenvolvemento do vibrato e perfeccionamento das súas diferentes variedades.

## 3. Criterios de avaliación

Esixirase a realización correcta dun mínimo de catro estudos por trimestre, unha escala con arpexios e dobres cordas adecuada aos contidos do curso por trimestre. Ademais ao final de curso o alumno deberá realizar un programa de dous ou máis obras completas cunha duración non inferior a 30 minutos.

## 4. Mínimos exigibles por trimestre

Os estudos e a escala correspondentes mais un terzo do programa de obras en canto á súa duración. O alumno debe realizar, polo menos, dous ensaios co pianista acompañante por trimestre.

## 5. Recursos didácticos

### Escalas e arpexios:

GRIGORIAN:	Sistema de escalas.
GALAMIAN:	Contemporary violín technique Vol I e Vol II
MANOOGIAN:	Foundations on Double Stops ( Terceiras e Sextas)
FLESCHE:	Sistema de escalas.
ABRSM:	Sistema de escalas grados 5 a 8
TOLEDO, A.:	Método de Escalas e arpexios, Vol II



## Técnica e estudos

ARIAS:	Antología de estudios para violín, vol IV- IV b
DONT:	Estudios, op. 37
FIORILLO:	Estudios
KREUTZER:	42 Estudios
MAZAS:	Etudes Brillantes op. 36 II
POLO:	Estudios de dobles cuerdas-
RODE:	Estudios
SCHRADIEK:	Técnica del violín, vol. I
SEVCIK:	School of Violin Techniques, op., 8,9
LECTURAA 1ª VISTA:	Specimen Sightreading Tests (ABRSM) Grados 5-8

## Obras

ALBENIZ:	Malagueña
BACH:	Concierto en Mi M. Doble concierto
BERIOT	Concerto nº 7 op. 76
GRANADOS	Danza Española
KREISLER	Sicilienne et Rigaudon
TEN HAVE	Allegro Brillante
BOCCHERINI:	3 duettos, op. 5
MARTINU	Madrigal Stanzas
TELEMANN :	Fantasías para violín solo
VIVALDI :	Las Estaciones. Conciertos
HAYDN :	Concierto en Sol M
